



Os novos indianos

Gemma Malvido Otero

Segundo os últimos datos do Ministerio de Traballo, o primeiro día de xaneiro residían fóra de España máis de 1,4 millóns de persoas, dende o ano 2000 esta cifra, non fixo senón medrar. Daquela, había escasos 900.000 españois que abandonaran o Estado e que se aventuraran a facer unha vida fóra, lonxe de todo o que coñecían. O ano 2008, cando empezaron a soar os ecos da crise, cando a burbulla urbanística ameazaba con estourar e con botar por terra o sistema de vida que ela mesma creara, foron máis de 68.000 as persoas que fixeron as maletas. Quizais non tanto co ánimo de emigrar, non para ser alleos a unha realidade que intuían, senón, quen sabe, para comezar de novo, para que, se a roda non seguisse dando as voltas previstas, non fosen eles os que tivesen a culpa. Ao ano seguinte, foron aínda moitas máis as que se renderon, as que deixaron todo atrás e marcharon. Nada menos que 102.653 persoas. Algunhas, por suposto, retomaron o camiño a casa, outras, sen saber moi ben por que, enfrontábanse ao que sería a súa segunda ou terceira emigración, porque marcharan xa antes, dende O Perú ou O Ecuador, dende Marrocos ou O Senegal na busca dun futuro que pouco durou e que non sempre era como prometían.

A moitos dixéronlles, como aos nosos devanceiros cando se embarcaban cara a Cuba ou a Arxentina ou cando se metían en trens que tardaban semanas en chegar a Alemaña, que aquí se daban duros a catro pesetas, que era posíbel facer fortuna, que a vida, era o que había aquí e non o que coñecían. Viñeron cegados polas imaxes da televisión, eles que nunca tiveran unha de seu, e ficaron atrapados na tiranía dos teléfonos móbiles que se escarallan cada ano e medio. E, agora, somos nós os alienados, os que pensamos que hai unha porta aberta para nós e para o noso futuro, un lugar onde poderemos levar unha vida de controlador aéreo, desas nas que as horas extras están ben pagadas e nas que o xefe non te pode

chamar a calquera hora porque hai un tempo que non é de seu, que só che pertence a ti cando saes pola porta da oficina.

E pensamos, porque nolo fan pensar, que esoutra vida está alén das nosas fronteiras, que está en Alemaña, en Estados Unidos ou en Australia e facemos as maletas, asolagados por esa ilusión que nunca chega e marchamos e deixamos que os anos pasen e que nos caian enriba os pesares de ter emigrado, de ter trabado a mesma carnada que os nosos avós, mais, quen sabe? Podería saír ben e poderíamos ser nós o exemplo de que as cousas cambian, de que non é fácil aínda que si posíbel, que a vida pode ser agradábel alén dos mares.

Pensándoo ben, sempre nos repetiron que aprenderamos inglés, que soubésemos cantos máis idiomas mellor, aínda que despois meteramos a zoca até as orellas na propia, que as linguas alleas nos habían de dar a oportunidade de vivir e de sobrevivir. Sempre nos prepararon para fóra, para que os demais tomasen partido e, para que os que quedaron, para os que se negaron a vivir unha vida que non lles pertencía, puidesen dicir que aquel que deseñou tal ponte nunha cidade de Alasca ou aquel que ten un posto nunha universidade de Melbourne ou que esoutra que coida nenos en América, compartiron clase con eles, que eran amigos na nenez e que, se algún día se atopasen, seguirían séndoo, igual que nos tempos de antes.

Estamos obrigados a marchar porque así nolo inculcan dende pequenos, sen saída ao exterior non hai triunfo. Mais, quen quere a honra de estar frixindo hamburguesas no McDonalds se pode gañar o mesmo servindo tinta femia nun furancho? “Xa pero é que iso non é vida”, poderían dicir moitos. E que é a vida? Que é o que buscamos cada un polo seu lado?

Se hei de marchar marcharei, aínda que non

penso colgar ningunha medalla se é que non a merezo, non penso gabarme de fregar chans alleos se o que buscaba era unha vida mellor, un futuro no que, a falta de diñeiro, houbera dignidade.

O agro adoece de mozos, morre afogado entre as estradas e as normativas que, se non é ecolóxico cen por cen ou para a produción en cantidades industriais, non mostran nin un pouquiño de apoio. Mais, quen se quere poñer á fronte dunha explotación gandeira? Quen se enfrenta a un futuro incerto de pestes e enfermidades que obrigan a sacrificar a todas as reses? Poucos aceptarían o reto de seren empresarios na terra ou mariscadores ou mariñeiros de baixura porque non é iso o que nos ensinaron. Aprendéronnos a estudar e a sacar títulos, a que vísemos a vida dos que nos precederon como o fondo que non deberíamos tocar. E agora, fronte a fronte, non sabemos dicir quen vive peor, se a que se levantou todos os días ás catro da mañá para ir á fábrica ou a que non pega no sono porque escoitou, por enésima vez, que está de sobra preparada para un traballo na que non a van coller.

Négome a pensar que a única solución é marchar, pero teño oído infinidade de veces na casa que o mar é para os peixes, que non hai máis solución que a que dá estudar e formarse e volver estudar. Nada nos dixeron na escola de que a vida, chegado un punto, é só cuestión de oportunidade, de atracar a tempo, nin antes nin despois, e agora estamos aquí, parados nun lugar que xa non sabemos se nos pertence nin se nós lle pertencemos, porque o futuro non deixa ver a súa faciana. O insomnio dos que non lle poden dicir adeus á terra coas mans porque as teñen cheas de maletas e de soños incumpridos é branco, como as paredes brancas nas que a cabeza dá unha volta e outra e outra máis até que non pode máis e descansa. Aos mozos e ás mozas négaselles a oportunidade de vivir da terra, de vivir do mar e das mans luxadas.

Os mesmos que lles negan unha vida herdada dos seus pais son os mesmos que lles meteron na cabeza que sen estudos non había onde ir. E agora, coa mente chea de méritos, teñen que partir ou

vender cremas Avón a domicilio porque o sistema está así e o despido dunha moza vale menos que o bolso da súa xefa. Non sei se hai ou non futuro na terra, non teño claro se é precisa unha revolta ou se, coma os peixes, sería mellor deixar que a corrente nos leve, vogar e cear como veña o mar e esperar a ver que pasa. Hai tan pouco poder na xeración máis preparada da democracia que asusta. Non é que avogue por unha cultura na que manden os máis preparados; todo sistema, sexa cal sexa, vai ser corrupto porque vai no ser humano querer ser máis listo, ca o do lado.

Non hai futuro. E que podemos facer? Que facemos cos ollos encarnados e os calos das mans, que non son de labrar, que naceron de apertar os bolígrafos en interminábeis horas de bibliotecas. O máis práctico? O inherente ao ser humano, sermos máis espelidos ca o do lado e opositar e salvar o noso cu xa que é imposible darlle acubillo ao de todos. E que facemos os que nos negamos á resignación? Que facemos os que non nacemos para comungar con rodas de carro? Facer as maletas, protagonizar a versión 2.0 das fotografías que nos fixeron chorar cando estudabamos na escola? Obrigar a nosos pais e a nosas nais a vivir ausentes de nós porque alguén decidiu que estamos mellor en Alemaña que sendo mileuristas?

Que solución nos queda aos que non podemos comer dos estudos e temos que escoitar aquilo de: "E ti dá grazas porque tés traballo". Grazas a quen e por que? Este mundo quere unha volta, mellor aínda, quere unha revolta coma as de antonte, unha desas que o cambian todo. Fannos o mesmo que lles fixeron aos nosos avós e obrígnanos a vir disfrazados de indianos a que nos envexemos os uns aos outros por ter máis, por cambiar a nosa dignidade de profesionais por catro pesos que veñen de lonxe. Pero os disfraces son para o Entroido.